



## Repartindo a nosa riqueza – Galicia

### Estudo de viabilidade da Renda Básica das Iguais en Galiza

U uha comunidade está conformada por persoas que van actuar como forza de traballo e outras que non, xa sexa pola franxa de idade, estado físico ou ben por decisión propia. E todas precisan ser coidades e ter garantidas e ter garantidas unhas condicións de vida saudábeis.

A condición de ser humano é o elemento primario da xeración de tal dereito e, a concepción da fragilidade e interdependencia que caracteriza a nosa existencia, o sustrato para formular propostas que aborden a centralidade da vida como premisa para reparto da renda e a xustiza social.

Formulacións que permitan satisfacer as necesidades básicas -tanto as materiais, como emocionais, sanitarias, relacionais, culturais, identitarias e políticas- e vivir con dignidade, senón que abran espazos de cuestionamento da orde vixente e permitan avanzar algúns pasos na construción de procesos amplos de transformación social.

23/02/2011